



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados **José Manuel Lage Tuñas** e **Xoaquín Fernández Leiceaga** e da súa deputada **Laura Seara Sobrado**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**, co obxecto de mellorar os servizos do porto de O Freixo (Outes).

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de Motivos

A Xunta de Galicia está executando unha obra de gran impacto social e económico no litoral do Concello de Outes. A remodelación e urbanización do porto de O Freixo (Outes), así como a mellora das instalacións e servizos portuarios supoñen unha modificación relevante da fachada marítima nesta vila mariñeira.

Esta actuación que está sendo impulsada polo ente público Portos de Galicia e que ten un custe de máis de 2,3 millóns de euros, conta co respaldo e o empuxe do Partido dos Socialistas de Galicia - PSOE.

Trátase de compatibilizar a mellora das instalacións portuarias onde desenvolven os seus traballos os nosos mariscadores e mariscadoras coa incorporación de amplas zonas de recreo e lecer que fan máis atractivo o enclave do Freixo (Outes).

Entendemos que a actuación suporá un salto cualitativo moi importante, tanto no que se refire ao atractivo turístico da zona como polas melloras significativas nos servizos portuarios.

Sabendo da importancia de incrementar as cotas de benestar social na vida dos pobos consideramos importante reducir o impacto dos residuos urbanos na franxa litoral, nos paseos marítimos e nas instalacións portuarias.



Grupo Parlamentario

Neste sentido o Grupo Parlamentario Socialista considera importante a introdución de actuacións de carácter ambiental que melloren as prestacións neste núcleo mariñeiro, para o cal consideramos importante eliminar os contedores de lixo de superficie e substituílos por outros baixo terra.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a dotar ás instalacións portuarias de O Freixo (Outes) con contedores soterrados dedicados ao depósito de lixo, tendo en conta a normativa vixente en materia de residuos no seo da Unión Europea e as ordenanzas de limpeza do Concello de Outes.

Pazo do Parlamento, 20 de marzo de 2007

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Xoaquín Fernández Leiceaga
Laura Seara Sobrado
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Ismael Rego González
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia


Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 20/03/2007 10:12:49

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 20/03/2007 10:12:57

Laura Seara Sobrado na data 20/03/2007 10:13:19



 Grupo Parlamentario

Ismael Rego González na data 20/03/2007 10:13:27

Partido dos
Socialistas
de Galicia
